

REGULAMENTO TROFEO GALEGO DE NOVAS PROMESAS DE SLALOM

2026

APROBADO COMISIÓN DELEGADA 10-04-2026

Contido

1. ORGANIZACIÓN	3
2. COMITÉ DE COMPETICIÓN	3
3. COMITÉ DE DISCIPLINA	3
4. XUÍCES, ÁRBITROS E DIRECTOR DE COMPETICIÓN	3
5. COMPETICIÓN DO TROFEO	3
6. PARTICIPACIÓN	4
7. CAMBIO DE CLUBS	4
8. INSCRIPCIÓN	4
9. CATEGORÍAS E MODALIDADES	6
10. IDENTIFICACIÓN DOS DEPORTISTAS	6
11. CONTROL DE EMBARCACIÓN	6
12. DORSAIS	7
13. DESCALIFICACIÓN	8
14. SISTEMA DE COMPETICIÓN	8
15. RANKING, HORARIO E ORDE DE SAÍDAS	8
16. REGULAMENTOS, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR CLUBS	11
17. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	15
18. DESEMPATES	15
19. RECLAMACIÓN	16
20. TÍTULOS	16
21. RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN	17
22. SUSPENSIÓN DUNHA COMPETICIÓN	18
23. CAUSA MAIOR	18
24. OUTRAS NORMAS	18
25. LEMBRANZA	18
26. REQUISITOS DOS ORGANIZADORES	19
27. INFORMACIÓN	20

28. DISPOSICIÓN FINAL 20

TROFEO GALEGO DE NOVAS PROMESAS DE SLALOM

1. ORGANIZACIÓN

A organización técnica, execución e coordinación deste Trofeo corresponderá integramente á Federación Galega de Piragüismo (F.G.P.), así como de todas as competicións puntuables que as integran, coas colaboracións que procedan en cada unha das competicións puntuables a execución ao club e/ou organizador de cada unha delas.

2. COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada competición puntuable terá o seu propio Comité de Competición de acordo cos Regulamentos da F.G.P.

3. COMITÉ DE DISCIPLINA

Será o Comité Galego de Competición e de Réxime Disciplinario da F.G.P. para todo o referente a este Trofeo e todas as súas competicións puntuables.

4. XUÍCES, ÁRBITROS E DIRECTOR DE COMPETICIÓN

O equipo arbitral para cada unha das distintas competicións puntuais das diferentes competicións que integran esta este Trofeo, será designado pola FGP a proposta do Comité Galego de Árbitros.

O Director de Competición será designado po la FGP de acordo con o Comité Galego de Árbitros.

5. COMPETICIÓN DO TROFEO

As competicións puntuables a celebrar neste Trofeo 2026 son as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2026.

6. PARTICIPACIÓN

6.1 Aberta a todos os deportistas de clubs galegos, que, estando en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a temporada 2026 na data de peche de inscrición que para cada competición se determine, reúnan as condicións deste regulamento. En todas as Competicións deste Trofeo poderán participar padexeiros de clubs non galegos e doutras federacións inscritas na I.C.F. agás nos campionatos galegos, no que só o poderán facer como abridores. Este padexeiros ocuparán praza e terán dereito a medalla pero non puntuarán na clasificación da competición por ningún Club galego. Tampouco bloquearán así mesmo posición na clasificación da competición por clubs. Na clasificación final por clubs poderá constar sen puntuación o club, federación ou entidade que representen.

6.2 Nas competicións que conforman este Trofeo un deportista só pode participar na súa categoría.

6.3 Nas competicións cada Club contará coa presenza dun técnico con licenza en vigor que será responsable dos deportistas o cal exercerá de xefe de equipo.

6.4 Os xefes de equipo deberán asistir á reunión informativa que determine o comité de competición onde se informará do funcionamento da competición.

6.5 Cada deportista poderá participar en dúas modalidades sempre que non provoque variacións no orde de saída. A posibilidade de dobrar reducirase a dispoñibilidade de tempo e de material de cada club non podéndose alterar o desenrolo da competición debido a un mal cálculo no momento de facer a inscrición. Para iso se elaborará un orde de saídas por modalidades e categorías que será respectado durante toda a tempada para facilitar estes cálculos aos clubs.

6.6 Sempre a criterio do comité de competición, poderán tomar a saída o número de abridores e pechadores que este considere oportuno; estes terán resultados a título informativo mais non formaran parte da competición.

7. CAMBIO DE CLUBS

O deportista que tendo participado por un club determinado nalgunha das competicións puntuables deste Trofeo, poderá cambiar de club si así o desexa e competir co mesmo, pero en ningún caso puntuará a embarcación na que compita dentro da mesma tempada.

8. INSCRIPCIÓNS

8.1. O prazo para o peche de inscricións remata o domingo anterior á celebración da competición.

As inscricións serán feitas nos prazos establecidos á través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo, www.fegapi.es coas claves entregadas ao efecto a cada club.

8.2. Non se admitirán baixo ningún concepto a inscrición dun clube fora dos prazos establecidos.

8.3. Cando a inscrición sexa para una competición organizada por outra federación que non sexa a Galega, a inscrición deberase enviar a federación organizadora seguindo as pautas que o organizador indique e respectando os prazos que este indique.

8.4. Cando a inscrición sexa para unha competición de ámbito nacional, a celebrar en Galicia, os clubs terán que facer as inscricións a través da aplicación web da RFEP, seguindo os prazos establecidos pola RFEP e axustar a súa inscrición as categorías establecidas pola mesma para esa Liga na presente tempada 2026, aínda que estas non coincidan cos do Trofeo Galego.

8.5. A efectos de puntuación de clubs para as Ligas Galegas de Novas Promesas de Slalom se lles asignarán os puntos conforme a clasificación de clubs resultada da proba, extrapolando os datos e quitando os clubs que son de fora de Galicia (e dicir que un club pode quedar 3º na clasificación nacional pero si é o primeiro club galego puntuará como primeiro club para a liga galega, e así co resto. Deste xeito, a extrapolación de puntuacións non é aplicada a clasificación individual dos deportistas, senón que única e exclusivamente a clasificación de clubs.

8.6. Os Xefes de Equipo deberán confirmar a participación do seu equipo e realizar as modificacións nas oficinas habilitadas nas datas de celebración da competición desde as 9:00 horas ata as 9:30 horas (salvo que indique o contrario o regulamento da propia competición, se o houbese ou algún comunicado dende a FGP indicando novos horarios), podéndose facer de maneira presencial no lugar de celebración da competición. En caso de non procederse a dita confirmación se entenderá que todas as saídas son correctas, procedéndose a sancionar con a non comparecencia das embarcacións inscritas pero non anuladas.

8.7. As taxas por baixas/anulacións dos deportistas e de 5 € por cada unha no momento da formalización das inscricións, cunha tolerancia sen custe de unha anulación con ata dez participantes, dúas ata vinte, etc.

8.8. A sanción por embarcación non anulada e que non tome a saída, será de 20 € por cada embarcación.

8.9. Poderase dar de alta a un padexeiro o mesmo día da proba durante o período de confirmación de inscricións y previo pago de 15 euros pero sempre que o club esté previamente inscrito en prazo e forma.

8.10. A reunión de Xefes de Equipo, para cada competición, realizarase, para informar ou aclarar o que se precise, o mesmo día da competición, segundo o horario establecido.

9. CATEGORÍAS E MODALIDADES

As categorías e modalidades para cada competición, serán as seguintes:

Copas do Trofeo:

- Abridores

Categorías	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Muller Cadete	K-1	C-1
Home Infantil	K-1	C-1
Muller Infantil	K-1	C-1

Campionato Galego:

Categorías	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Muller Cadete	K-1	C-1
Home Infantil	K-1	C-1
Muller Infantil	K-1	C-1
Patrullas Home Cadete	3xK-1	3xC1
Patrullas Muller Cadete	3xK-1	3xC1
Patrullas Home Infantil	3xK-1	3xC1
Patrullas Muller Infantil	3xK-1	3xC1

10. IDENTIFICACIÓN DOS DEPORTISTAS

No momento de acceder os/as deportistas á auga se poderá realizar un control de licenza polo polo Árbitro correspondente, polo que será obrigatorio que todos os padexeiros leven a seu D.N.I.

11. CONTROL DE EMBARCACIÓNS

11.1. As embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas para cada especialidade:

Especificacións das embarcacións e medidas:

K1	Longitud mínima: 3,50 m Ancho mínimo: 0,60 m
C1	Longitud mínima: 3,50 m Ancho mínimo: 0,60 m
C2	Longitud mínima: 4,10 m Ancho mínimo: 0,75 m

O peso mínimo da embarcación determinarase cando a embarcación esté seca:

K1 y C1	9 kg
C2	15 kg

Todas as embarcacións deben ter un radio mínimo en cada extremo de 2 cm horizontalmente e 1 cm verticalmente

Os timóns estan prohibidos en todas as embarcacións

Quillas: calquera obxecto saínte debe estar fabricado dentro do molde do casco, non debe tener mais altura de 20mm, non mais estreito de 8mm, e cun radio mínimo de 4mm do borde externo.

As embarcacións deben ser deseñadas dentro das dimensións requeridas.

Os caiacs son embarcacións cubertas que deben ser propulsados por palas de dobre folla e neles os competidores van sentados.

As canoas son embarcacións cubertas que deben ser propulsadas por palas con unha soa folla e nelas os competidores están axeonllados.

Todo o material publicado estará colocado de tal forma que non interfiera coa identificación do palista e non afecte o resultado da proba.

11.2. Poderase proceder a control de peso das embarcacións en calquera das probas que compoñen este Trofeo se o comité de competición así o decreta e de xeito totalmente aleatorio.

12. DORSAIS

12.1. Os dorsais serán facilitados pola F.G.P ou no caso de tratarse dunha Copa de España, pola RFEP.

12.2. Todos os participantes levarán os dorsais polos que serán controlados en cada momento dos percorridos. Terán que devolvelo nas mesmas condicións que lle foi entregado unha vez finalizada a súa participación na competición.

12.3. A sanción que cada club terá que abonar por cada dorsal non entregado é de 30 euros.

12.4. En caso de non ter devolto os dorsais ou pagada a sanción correspondente, non se admitirá a inscrición na seguinte competición deste Trofeo.

13. DESCALIFICACIÓNS

Os padexeiros descalificados deberán abandonar o campo de competición cando lles sexa indicado polo árbitro correspondente. A negativa a abandonar o campo será valorada polo Comité de Disciplina da F.G.P. por se é merecedora de sanción.

14. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Sistema de competición: consta dunha manga clasificatoria e outra final. Os deportistas farán unha manga que serve de clasificatoria, pasando a final aqueles deportistas que teñan superado o peche de control.

15. RANKING, HORARIO E ORDE DE SAÍDAS

15.1. Ranking: o ranking elaborárase cos 3 mellores resultados das CLASIFICATORIAS das 4 últimas competicións.

15.2. Orde de saídas: a orde de saída das embarcacións será por orde inverso do ranking por categoría e modalidade.

Co fin de permitir a dobraxe de categorías alérganse as categorías masculinas e femininas na seguinte orde:

- Categorias C1H (C1H cadete e infantil)
- Categorias C1M (C1M cadete e infantil)
- Categorias K1H (K1H cadete e infantil)
- Categorias K1M (K1M cadete e infantil)

15.3. Cada deportista deberá decidir en que categorías compite valorando o intervalo de tempo que dispón entre as distintas categorías.

Esta orde deberase respectar en todas as competicións e non se farán cambios na orde de saída.

15.4. Horario: en función do numero de inscritos, o programa/horario recomendado será o seguinte:

CAMPIONATO GALEGO:

Inicio	Fin	Evento
9:00	9:30	Confirmación de inscricións
9:30	9:45	Reunión informativa cos xefes de equipo
10:00	10:15	Demostración
10:15	10:30	Entrega de dorsais
11:00	12:15	Clasificatoria a unha manga de todas as categorías individuais
12:30	13:30	Final a unha manga de todas as categorías individuais
15:30	16:30	Final a unha manga de patrullas
16:30	17:00	Entrega de medallas

RESTO DE COMPETICIÓNS: en función do formato de competición seleccionado (un día de competición fusionado con olímpico ou competición individual / días separados), a continuación preséntanse dous horarios:

- Horario de tarde (competición nun só día e a continuación do slalom olímpico)

Inicio	Fin	Evento
15:00	15:15	Reunión informativa cos xefes de equipo
15:15	15:30	Demostración
15:30	15:45	Entrega de dorsais
16:00	17:00	Clasificatoria a unha manga de todas as categorías individuais
17:30	18:15	Final a unha manga de todas as categorías individuais
19:00	19:15	Entrega de medallas

- Horario de mañá / competición individual:

Inicio	Fin	Evento
9:00	9:30	Confirmación de inscricións
9:30	9:45	Reunión informativa cos xefes de equipo
10:00	10:15	Demostración
10:15	10:30	Entrega de dorsais
11:00	12:15	Clasificatoria a unha manga de todas as categorías individuais
12:30	13:30	Final a unha manga de todas as categorías individuais
14:00	14:15	Entrega de medallas

En caso de variación do programa de competición por forza maior, debe comunicarse á FGP cunha semana de antelación.

15.5. Trazado campo de sláalom: a FGP designará un trazador do campo de sláalom en cada proba conforme o Regulamento de Sláalom.

O trazador do percorrido presentará ao Comité de Competición unha proposta de trazado que deberá ser aprobado por este Comité.

O trazado do campo realizarase seguindo a normativa:

O percorrido debe ser totalmente navegable e facilitar as mesmas condicións para os padexeiros diestros como zurdos en C-1 e C-2.

O percorrido ideal debe incluír:

Mínimo unha porta combinada, que ofrezca ao competidor varias opcións de franqueo.

Cambios constantes de direccións e movementos na corrente aproveitando as dificultades técnicas da auga (ondas-rápidos-remuíños).

Recoméndase aos trazadores do percorrido que este sexa navegable para os competidores de K-1 homes en un tempo aproximado aos 95 segundos.

Tamén debe de haber unha área suficiente de quecemento e unha área de recuperación para os competidores. Esta área debe de estar aberta a todas as categorías e non debe de afectar a liña de saída e chegada.

O percorrido debe ter obstáculos naturais e/ou artificiais.

Os equipos acreditados teñen acceso gratuito ao percorrido durante os adestramentos oficiais e os días de competición.

O percorrido debe ter un máximo de 25 portas e un mínimo de 18, das que, seis delas deben ser de remonte.

De acordo co Xuíz Árbitro, dedese definir a situación da liña de saída e chegada antes de empezar os adestramentos oficiais.

A distancia entre a última porta e a liña de chegada non debe ser inferior a 15 m. nin superior a 25 m.

A organización debe elixir un percorrido donde se poida levar a cabo a proba sin ningún inconveniente ou molestia para o competidor. As portas deben estar debidamente colocadas e claramente indicadas (pola cor dos paus e número da porta), debe de haber espazo suficiente para negociar correctamente a porta, así como permitir un xuízo correcto das penalizacións.

Si durante a celebración da proba, hai un cambio significativo no nivel da auga, e que poida ser correxido, o Xuíz Árbitro poderá parar a competición ata que as condicións da auga sexan restablecidas.

Si durante a competición se dan circunstancias que alteran a natureza ou o deseño do percorrido, só o Xuíz Árbitro pode autorizar a modificación ou cambio da posición das portas afectadas.

O organizador técnico e o xuíz árbitro poden aconsellar aos trazadores sobre o deseño do percorrido e a montaxe das portas.

O organizador técnico debe facilitar aos trazadores toda a información referente ao caudal de auga, as condicións técnicas para instalar as portas e un mapa de competición escala 1:1000.

16. REGULAMENTOS, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR CLUBS

16.1. Os regulamentos de aplicación principal para este Trofeo será o actual, no caso de temas que non se especifiquen neste, tomarase o reglamento da RFEP e ou da ICF.

16.2. Para que unha proba puntúe teñen que inscribirse polo menos 3 embarcacións ou tres equipos de dous clubs diferentes.

16.3. Para ter dereito a puntos nas categorías individuais e preciso superar os marxes de peche de control.

16.4. Puntuación individual: A puntuación de cada embarcación para o seu club obterase a partir da súa posición final empregando esta relación:

Posición	Bonificación	Puntos
1	18+3	21
2	17+2	19
3	16+1	17
4	15	15
5	14	14
6	13	13
7	12	12
8	11	11
9	10	10

16.5. Puntuación por patrullas: A puntuación de cada patrulla para o seu club obterase a partir da súa posición final empregando esta relación:

Posición	Bonificación	Puntos
1	36+6	42
2	34+4	38
3	32+2	34
4	30	30
5	28	28
6	26	26
7	24	24
8	22	22
9	20	20

16.6. A partir do posto 9 nas categorías individuais os puntos obtidos por cada deportista irán descendendo de un en un ata un mínimo de 1 punto.

16.7. A partir do posto 9 nas categorías por patrullas os puntos obtidos por cada patrulla irán descendendo de dous en dous ata un mínimo de 2 puntos.

16.8. Nas categorías por patrullas, de cada club só puntuará a patrulla mellor clasificada. O resto de patrullas do mesmo club ocupan lugar, mais non puntúan.

16.9. Puntuación por clubs: a puntuación total dun Club, obterase coa suma de todas as puntuacións individuais máis a suma das puntuacións por equipos.

16.10. Marxe de peche de control:

Para a aplicación do peche de control terase en conta como tempo de referencia a media dos tres mellores tempos de toda a competición.

En cada proba superarán o peche de control os deportistas que teñan un resultado final igual ou menor ao tempo de referencia multiplicado polo marxe da modalidade e polo marxe da categoría.

Marxes de peche de control das modalidades:

Modalidade	Marxe
C-1 Home	115%
C-1 Muller	140%
K-1 Home	100%
K-1 Muller	120%

Marxes de peche de control das categorías:

Categoría	Marxe
Cadete	150%
Infantil	170%

16.11. Puntuación por clubs en cada competición do Trofeo Galego de Xóvenes Promesas de Sláalom

Para o **Trofeo Galego de Novas Promesas de Slalom** sumaranse as puntuacións individuais das seguintes categorías:

Copas Galegas		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Muller Cadete	K-1	C-1
Home Infantil	K-1	C-1
Muller Infantil	K-1	C-1
Campionato Galego		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Muller Cadete	K-1	C-1
Home Infantil	K-1	C-1
Muller Infantil	K-1	C-1
Home Cadete Patrulla	K-1	C-1
Muller Cadete Patrulla	K-1	C-1
Home Infantil Patrulla	K-1	C-1
Muller Infantil Patrulla	K-1	C-1

Para a **Liga Galega de Slalom Cadete Masculina** sumaranse as puntuacións individuais das seguintes categorías:

Copas Galegas		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Campionato Galego		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Cadete	K-1	C-1
Home Cadete Patrulla	K-1	C-1

Para a **Liga Galega de Slalom Cadete Feminina** sumaranse as puntuacións individuais das seguintes categorías:

Copas Galegas		
Categoría	Kaiak	Canoa
Muller Cadete	K-1	C-1

Campionato Galego		
Categoría	Kaiak	Canoa
Muller Cadete	K-1	C-1
Muller Cadete Patrulla	K-1	C-1

Para a **Liga Galega de Slalom Infantil Masculina** sumaranse as puntuacións individuais das seguintes categorías:

Copas Galegas		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Infantil	K-1	C-1
Campionato Galego		
Categoría	Kaiak	Canoa
Home Infantil	K-1	C-1
Home Infantil Patrulla	K-1	C-1

Para a **Liga Galega de Slalom Infantil Feminina** sumaranse as puntuacións individuais das seguintes categorías:

Copas Galegas		
Categoría	Kaiak	Canoa
Muller Infantil	K-1	C-1
Campionato Galego		
Categoría	Kaiak	Canoa
Muller Infantil	K-1	C-1
Muller Infantil Patrulla	K-1	C-1

16.12. Na clasificación de cada unha das competicións do Trofeo, aplicaráselle a cada club os seguintes puntos:

Posición	Bonificación	Puntos
1	67+3	70
2	66+2	68
3	65+1	66
4	64	64
5	63	63

A partir do posto 5 os puntos obtidos por cada club irán decrecendo de un.

16.13. A clasificación final do Trofeo Galego de Novas Promesas de Slalom obtense coa suma dos puntos obtidos por cada club en cada unha das competicións que integren estas Ligas.

16.14. A clasificación final da Liga Galega Cadete Masculina, Liga Galega Cadete Femenina, Liga Galega Infantil Masculina e Liga Galega Infantil Femenina obtense coa suma dos puntos obtidos por cada club en cada unha das competicións que integren este Trofeo.

16.15. Aquelas probas que forman parte do Trofeo Galego de Novas Promesas de Slalom e ao mesmo tempo teñen validez para outras competicións, e polo tanto poidan existir diferenzas regulamentarias, a toma de puntos para a clasificación do Trofeo e das Ligas Galegas faranse tomando a clasificación por clubs, extrapolando a puntuación por clubs para cada Trofeo e Ligas e dándolle os puntos na orde que resulte.

17. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

17.1. Medios de publicación: o medio oficial de publicación dos resultados será en papel na área designada pola organización e/ou o Comité de Competición.

17.2. Medios de publicación alternativos: poderanse publicar os datos de forma complementaria/alternativa pero non oficial mediante calquera medio electrónico que dispoña o organizador, FEGAPI ou RFEP.

18. DESEMPATES

18.1. Nunha proba dunha competición: segundo o establecido.

No caso de dous ou máis competidores, ou equipos, obteñan o mesmo resultado na mellor manga, o resultado da outra manga debe resolver o empate; si continúa sin haber diferenza, entón os competidores obterán o mesmo posto.

No caso de que houbera un empate nas mangas clasificatorias, os competidores empatados progresan a semifinal ou final.

No caso de que dúas ou máis embarcacións compartan a medalla de ouro, non se concede medalla de prata.

No caso de que tres ou máis embarcacións compartan a medalla de ouro, non se concederá a medalla de prata, nin a medalla de bronce.

Si dúas ou máis embarcacións comparten a medalla de prata, non se concederá a medalla de bronce.

Si dous ou máis embarcacións comparten a medalla de bronce, concederáse a todas elas a medalla de bronce.

18.2. Nunha competición: daráselle a mesma puntuación e clasificación aos empatados.

18.3. Na clasificación final do Trofeo Galego de Novas Promesas de Sláalom, na Liga Galega de Novas Promesas de Sláalom Cadete Masculina, Liga Galega de Novas Promesas de Sláalom Cadete Femenina, Liga Galega de Novas Promesas de Sláalom Infantil Masculina ou Liga Galega de Novas Promesas de Sláalom Infantil Femenina: resolveranse a favor do club que mellor posición acade no Campionato Galego do correspondente Trofeo ou Liga.

19. RECLAMACIÓNS

19.1. Tódalas reclamacións sobre o desenvolvemento de cada competición serán entregadas ao Xuíz Arbitro.

19.2. Tódolos xefes de equipo deberán indicar ao Xuíz Arbitro ou na oficina de xestión da competición a súa intención de realizar unha consulta nun prazo non superior a 5 minutos despois de ser colocados os resultados de cada deportista no taboleiro de anuncios, e unha vez manifestada a intención de reclamación por escrito, o prazo para presentala formalmente será de 20 minutos.

19.3. As taxas serán devoltas se a protesta é considerada.

19.4. As decisións do Comité de Competición serán definitivas e poderán ser recorridas, en tempo e forma, segundo indican os regulamentos da F.G.P.

20. TÍTULOS

20.1. Por deportista: os deportistas das tres primeiras embarcacións clasificadas en cada unha das categorías e modalidades de cada competición obterán os seguintes títulos: **Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.2. Por clubs en cada Competición: os tres primeiros clubs clasificados en cada competición obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.3. Por clubs ao finalizar todas as competicións deste Trofeo:

20.3.1. Os tres primeiros clasificados do Trofeo Galego de Novas Promesas de Sláalom obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.3.2. Os tres primeiros clasificados da Liga Galega de Novas Promesas de Sláalom Cadete Masculina obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.3.3. Os tres primeiros clasificados da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Cadete Feminina obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.3.4. Os tres primeiros clasificados da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Infantil Masculina obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

20.3.5. Os tres primeiros clasificados da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Infantil Feminina obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

NOTA: A entrega dos títulos do Trofeo e das diferentes Ligas queda supeditada a que a clasificación do Trofeo e das diferentes Ligas poida ser actualizada no momento da celebración da última proba do calendario. De non ser así, estes títulos serán entregados con posterioridade a celebración da proba.

No evento que estipule así mesmo a Federación Galega de Piragüismo faranse entrega dos seguintes títulos:

- Campión do Trofeo de Novas Promesas de Slálom
- Campión da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Cadete Masculina
- Campión da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Cadete Feminina
- Campión da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Infantil Masculina
- Campión da Liga Galega de Novas Promesas de Slálom Infantil Feminina

21. RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN

21.1. Os deportistas galardoados deberán recoller o seu trofeo, inescusablemente, coa vestimenta deportiva oficial do Club ao que representan, de non ser así serán sancionados conforme o regulamento de Disciplina da F.G.P.

21.2. No caso de forza maior poderá ser recollido pola persoa do mesmo sexo que Delegado ou xefe de equipo designe, sempre que o teña solicitado por escrito ao Xuíz Árbitro e este o autorice.

21.3. O Trofeo por clubs será recollido po lo Xefe de Equipo, representante Legal ou Adestrador do Club.

22. SUSPENSIÓN DUNHA COMPETICIÓN

Se por algunha circunstancia o Comité de Competición estimase que hai causas para suspender algunha competición deste Trofeo, a Xunta Directiva de esta Federación Galega de Piragüismo determinará a nova data, a competición que a substitúe ou a súa suspensión definitiva, no caso de que non puidera celebrarse.

23. CAUSA MAIOR

No suposto de que un club, por causas alleas á súa vontade, non poda tomar parte nalgunha das competicións puntuables deste Trofeo, e sempre que o estime oportuno a Xunta Directiva da F.G.P., de acordo co informe debidamente documentado polo club, poderá concedérselle os puntos alcanzados polo último Club clasificado menos 5, referíndose á competición que non puido asistir.

24. OUTRAS NORMAS

A organización de cada regata non se fai responsable dos danos que puidesen causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transporte como no transcurso da regata.

25. LEMBRANZA

25.1. Embarcacións: as embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas e Deportistas: os padexeiros deberán estar equipados segundo as normas de seguridade de cada especialidade, establecidas nos Regulamentos da RFEP.

25.2 Todas as embarcacións deben ser insumexibles e deben estar equipadas en cada extremo cunha asa situada a non máis de 50 cm. da proa e da popa.

Considéranse asas: lazo de corda, corda con asa ou asa que sexa parte integral da construción da embarcación.

As asas deben permitir en todo momento o paso holgado de toda a man para agarrar a embarcación.

O material utilizado debe ter polo menos 6 mm. de diámetro, ou un mínimo de 2x10 mm. de sección.

Non está permitido pegar as asas.

Cada competidor debe levar un casco de seguridade debidamente abrochado debaixo do queixo e un chaleco flotador. Ámbolos dous deben estar en boas condicións.

A estrutura, forma ou composición do chaleco flotador e casco non deben ser modificados de ningunha maneira. O material debe ser de fabricantes recoñecidos que garanten a calidade dos mesmos e os estándares industriais comúns.

O chaleco flotador debe cumprir coa actual norma industrial ISO 12402-5 (nivel 50) ou con calquera norma nacional que garantice as mesmas prestacións e poder ser rexistrados pola FIC.

O casco de seguridade debe cumprir coa norma EN 1385 e pode ser rexistrado pola FIC.

Cada casco deberá ser marcado de tal maneira que a seguinte información sexa facilmente visible para o usuario, e que permanezca visible durante toda a súa vida útil para permitir o control do mesmo:

- Número da norma europea.
- Nome ou identificación da marca fabricante.
- Data de fabricación.
- A designación “casco para piragüismo de augas bravas”.

Recoméndase a organización que comproben os chalecos flotadores e as embarcacións, tanto antes como despois da competición.

En casos dudosos, deberase comprobar a flotabilidade da embarcación, debendo flotar nivelada na superficie cando esté chea de auga.

Os competidores deben poder liberarse inmediatamente da embarcación en calquera momento.

No caso de que non se cumpran as normas de seguridade, o Xuíz de saída e o Xuíz árbitro, dacordo coas súas obrigacións, poden prohibir a saída a un competidor.

En calquera caso, os competidores compiten baixo a súa responsabilidade, nin a FGP, nin a organización é responsable dos accidentes ou danos ao material que poidan ocorrer durante o percorrido.

26. REQUISITOS DOS ORGANIZADORES

26.1. Para ser organizador dalgunha destas competicións, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

- a) Todas as competicións deben ter contratada una póliza de responsabilidade civil e acreditalo ante a F.G.P., podendo ser esta substituída por unha póliza colectiva da propia Federación Galega de Piragüismo.
- b) Dispor de zona de embarque e desembarque facilmente practicable, así como

- dispor de zona de quecemento na saída e des-quecemento despois da meta.
- c) Ter instalado un percorrido con tempo suficiente, para que os clubs teñan a posibilidade de remar no lugar da proba. O montaxe do campo correspóndelle o organizador que deberá cumprir cos regulamentos de sláalom da RFEP aprobado po lo CSD.
 - d) Ambulancia con persoal sanitario.
 - e) Ter un lugar habilitado para o equipo arbitral e oficina da F.G.P.
 - f) Taboleiro de resultados.
 - g) Entregar aos clubs o programa de competición e orde de saída. Recomendable entregar tamén o plano do percorrido.
 - h) Dispor do equipo e persoal de rescate adecuado, para asegurar a integridade física dos participantes e a recuperación do material, en caso de envorco.
 - i) Recomendable megafonía ambiental que cubra as necesidades da competición.
 - j) Recomendable servizos e vestiarios.
 - k) Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados en cada proba. No Campionato Galego será a FEGAPI quen aporte os trofeos para os clubs.
 - l) Recomendable regulamento da proba exposto xunto ao taboleiro de resultados.
 - m) Medios idóneos e suficientes para que os Xuíces poidan realizar o seu cometido.
 - n) Voluntarios suficientes (mínimo 3) para a realización da competición, que se porán a disposición do director de competición.
 - o) Correspondente permiso administrativo,(Confederación del Miño-Sil ou Augas de Galicia) para a realización da competición.

27. INFORMACIÓN


Para calquera información relacionada con estas Ligas, estará dispoñible na páxina WEB, www.fegapi.org telefonicamente no nº 986842106 ou por escrito Rúa Gavián sn 36151 Verducido-Pontevedra.

28. DISPOSICIÓN FINAL

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento, rexerese polo disposto no Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de

Piragüismo. Se algo non se recollese neste último texto, rexeráse polo regulamento Nacional da especialidade correspondente, do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da R.F.E.P. e polo Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

VºBº PRESIDENTE



O SECRETARIO

